



película (variable segundo a antigüidade, o estado da copia e a negociación coa distribuidora); alugueiro da sala (para a sesión propiamente dita, proxección incluída); honorarios do encargado de cabina pola proxección previa (normalmente a mañá do día anterior) para o presentador e directivos; imprenta (programas de man, carteis, panfletos, abonos, folletos varios); impostos (o que chamabamos Autores e Menores); transportes (recepción e devolución das películas ao distribuidor, á Federación ou ao cineclub que a tivese programada despois de nós); equipo de megafonía, etc... Non se contabilizaban os gastos de oficina e xamais directo algún, nin presentador, cobrou polo seu traballo. Cando algún invitado viña de fóra abonábase estritamente os gastos de desprazamento, comida e aloxamento (se era necesario). A partir do segundo ano, con aproximadamente 400 socios, cubríronse gastos. (...)

O segundo curso (1962-1963), por causas que non recordo con precisión, Federico Pomar abandonou a dirección do Cine-Club. Accedín naquel momento á responsabilidade total da súa organización. Propuxen a creación de dous órganos directivos: unha Xunta Consultiva, que estaría integrada polos profesores Gonzalo Anaya Santos, José Cepeda Adán, Carlos Alonso do Real e eu mesmo, que actuaría de ponte cunha Xunta Directiva formada por min como Director, Jorge Luís Santos Salgado (Subdirector), José Luís Martínez (Tesoureiro), Pedro Bañuelos (Bibliotecario), Emilio Pérez Sánchez e Antonio Meizoso (Vogais).

Sentimos a necesidade de aplicar unha nova volta de porca e multiplicamos a actividade alén das sesións habituais. Ademais de programar títulos tan importantes como *Les quatre cents coups* (Truffaut, 1959), *Notti bianche* (Visconti, 1957), *La strada* (Fellini, 1954), *Ansiktet* (Bergman, 1958) ou *Plácido* (Berlango, 1961), atrevémonos tamén cun ciclo sobre Kenji Mizoguchi (en xaponés con subtítulos en inglés!!!): *Saikaku Ichidai Onna* (A vida de Oharu, 1952), *Ugestsu monogatari* (Contos da lúa pálida, 1953), *Chikamatsu monogatari* (Os amantes crucificados, 1954) e *Yôkihi* (A emperatriz Yang Kwei-Fei, 1955). Tememos unha posterior deserción de socios por tamaño temeridade, pero nada diso ocorreu. Asistiron estoicamente, leron a minuciosa sinopse de cada filme que lles foi facilitada e gozaron coa beleza das imaxes daqueles filmes inesquecibles.

Nalgunha das enquisas que periodicamente organizaba Gonzalo Anaya, algúns socios demandaban unha maior profundización en asuntos relativos á técnica cinematográfica. Para satisfacelos, creamos o que denominamos «Sesións de Estudo». As proxeccións eran entre semana, ás sete e media da tarde, no Salón de Actos da Facultade de Farmacia (Palacio de Fonseca), con películas en 16 mm. Preparábanse minuciosamente, detendo a proxección para comentar as secuencias máis importantes (procurando non conxelar a imaxe para evitar o incendio do celuloide; o DVD aínda non se esperaba); (...) A segunda tempada finalizou cunha sesión extraordinaria na que Gonzalo Anaya recibiu a homenaxe de socios e directivos, nomeándoo Socio de Honra. Proxectáronse *Tierra sin pan* (Buñuel, 1932) e *¡Que viva México!* (Eisenstein, 1932). Foi, significativamente, o Primeiro de Maio de 1963.

Desde un comezo cremos que a continuidade e a forza do Cinema-Club había que ancorala solidamente na sociedade compostelá. Pretendíamos atraer o maior número posible de afeccionados procurando a participación da clase máis ilustrada da cidade. O Cine-Club debía abrirse para fortalecerse e, contrarrestando os previsibles embates das forzas do Réxime, consolidando como un auténtico foro de opinión máis ou menos libre, sen irritar en demasía á fera. A relación coa empresa do Cinema Capitol -sempre cordial a pesar da súa reiterada negativa a reducir o importe dos alugueiros e da súa natural tendencia a mellorar a conta de resultados- facilitou a posta en marcha dunha idea longamente acariñada. Propuxémoslle a celebración periódica (un par de veces ao ano) dunhas semanas de cinema nas que, dentro da súa programación habitual, se proxectasen filmes de calidade que previsiblemente non ían estrearse ou que

o farían inadecuadamente (un día de exhibición case clandestina, sen publicidade, para completar as famosas «cotas» de despacho de billetes). A sesión das oito da tarde contaría coa presentación (e dirección do posterior coloquio) a cargo dun membro da Directiva ou dun socio destacado. A Semana levaría o referendo público e publicitario do Cinema-Club.

Desta forma xurdiron as que a empresa exhibidora denominou, un tanto pretenciosamente, «Semanas Internacionales de Cine». Coa sala chea e manténdose en cartel varios días, logramos estrear cun certo realce, ao longo de cinco tempadas, películas como *Era notte a Roma* (Rossellini, 1960), *Smultronstället* (Bergman, 1956), *L'Année dernière à Marienbad* (Resnais, 1961), *The Trial* (Welles, 1962), *Shichinin no Samurai* (Kurosawa, 1954), *Pierrot le fou* (Godard, 1964), *L'éclisse* (Antonioni, 1962), *Såsom i en spegel* (Bergman, 1961), *M* (Lang, 1931), *Los chicos* (Ferreri, 1959), *Cléo de 5 à 7* (Varda, 1961) ou *Giulietta degli spiriti* (Fellini, 1965) e así até unha corentena de filmes. (...)

As tempadas 1963/1964 e 1964/1965 supuxeron a definitiva consolidación do Cine-Club, alcanzando a cifra de 500 abonados (sobre unha matrícula total de algo máis de catro mil estudantes). As presentacións e coloquios gañaron en axilidade, profundidade e compromiso, apreciable este último polo agravamento dos obstáculos administrativos cos que nos obsequiaban os obedientes funcionarios locais ás ordes do ministro Fraga Iribarne. Tamén era obvia e recoñecible a presenza na sala dos que coñeciamos como «secretas». Algún día deberán ver a luz os arquivos policiais completos da época. Os contidos sociopolíticos dos filmes eran necesariamente analizados e a liberdade de expresión facíase ineludible. Pero como esa liberdade (e outras moitas fundamentais) estaba prohibida, o conflito tamén estaba servido. (...)

A vida estudantil era cada día máis inquieta. Estaba a xestarse o que habería de ser unha oposición frontal á existencia do Sindicato Universitario. O boicot ás eleccións de delegados de curso e de facultade xestionadas polo SEU e a aparición dun incipiente e clandestino movemento asociativo democrático, así como a organización de actividades culturais fóra do ámbito do Sindicato franquista, situábanos ante a necesidade de reaccionar coherentemente. Non era posible loitar contra o SEU nas aulas e espazos universitarios e ao mesmo tempo manter a nosa colaboración «no seu» Cine-Club e «nas súas» actividades culturais. Referinme noutra ocasión, ironicamente, á imposibilidade de aplicar naquel caso a lóxica burocrática propia da teoloxía política cristián-medieval consistente en conceder un dobre corpo ao rei: un natural, cheo de humanas debilidades, e outro, de esencia política, invisible, inmortal e infalible.

Sen dubidalo, previa deliberación do pleno directivo, decidimos abandonar a colaboración co Sindicato e dimitimos das nosas funcións no Cine-Club. Como un estudante máis, Gonzalo Anaya uniuse a nós e apoiou sen reservas a nosa actitude. O mesmo fixo Carlos Alonso do Real, aínda que con posterioridade fíxese simultánea a súa colaboración co do SEU (que atopou a maneira de substituírnos) e co que, como relato a continuación, fundaríamos nós. Faltaban aínda tres anos para a revolta de 1968 e quedaba aínda moita auga que pasar polo muíño. O Cine-Club contribuirá, dalgunha maneira, a liderar a parte visible da galvanización política estudantil.

Non podíamos resignarnos nin claudicar. Precisabamos darlle continuidade á nosa tarefa, agora xa si declarada e arteiramente cívica, de divulgación e promoción cinematográficas sen renunciar á nosa loita pola conquista das liberdades. Un ilustrado médico compostelán, Santos López Casado -sobiño do prestixioso fotógrafo Luís Ksado, residente na cidade-, co que nos unía unha case enfermiza paixón polos libros, suxeríunos a posibilidade de reflotar a actividade do Cine-Club a través da Agrupación Fotográfica Compostelá (AFC), creada dous anos antes, en 1963, por iniciativa de Alejandro Álvarez Coira, Julio Cabo Rey e Emilio Lavandeira. Puidemos comprobar que os estatutos desta asociación fa-

cilitaban a organización dunha actividade cineclubística. A xenerosa, solidaria e hospitalaria actitude da AFC abríunos as portas e o 22 de outubro de 1965 conseguimos a inscrición no Rexistro Oficial de Cine-Clubs da Dirección General de Cinematografía, co número 116, incorporándonos ao mesmo tempo á Federación Nacional de Cine-Clubs.

O equipo directivo do Cinema-Club da AFC fórmase basicamente coas mesmas persoas do anterior. Baixo a inspiración de Gonzalo Anaya, comezamos a traballar Jorge Luis Santos, Antonio Meizoso e eu mesmo. Acórdase por unanimidade que eu asuma as tarefas de dirección. Debo destacar a significativa e determinante colaboración de Luis Mariño Pampín (1941-1999), concidadán e amigo desde a adolescencia, co que o Cinema-Club enriquecerase notablemente. Entre 1965 e 1967 íranse incorporando ás tarefas directivas, con diferentes graos de implicación, Alfonso Rey -este sobre todo-, Serafín Moralejo, Jaime Vilasó, Javier Villar Trillo e Jaime Lago, entre outros.

O domingo 7 de novembro de 1965, ás doce da mañá, no Cinema Yago, dan inicio as actividades do novo Cine-Club coa proxección da película de Joseph Losey *Eva*, producida en 1962. Deben subliñarse varios aspectos significativos desta sesión: a) é presentada por Gonzalo Anaya, querendo así precisar a continuidade intelectual coa actividade desenvolvida polo anterior cineclub; b) o director do filme, colaborador de Bertolt Brecht na montaxe, en 1947, de *Galileo Galilei*, perseguido polo maccarthista Comité de Actividades Antinorteamericanas e exiliado no Reino Unido, triunfaba naquel entón con dúas películas marcadamente esquerdistas: *The Servant* (1963), con guión de Harold Pinter, e a antibelicista *King and Country* (1964); c) o coloquio non se celebrará ao finalizar a proxección senón ao día seguinte, nos salóns do Casino da cidade, en acto público, coa intención de proclamar, desa forma, a apertura a toda a sociedade compostelá.

A cautela inicial leváranos a elixir o Cinema Yago (de capacidade reducida), pero o incremento continuado de socios obrigáranos, máis adiante, a contratar o Cinema Metropol, con capacidade para máis de oitocentos abonados. Na tempada 1966/1967 sería xa insuficiente para a demanda existente, debendo habilitar unha moi cotizada lista de espera. O Cine-Club da AFC foi recoñecido entón como o primeiro de España en número de asociados. Ninguén puido imaxinar tal resposta en tan curto espazo de tempo. Visto coa perspectiva que ofrecen estes corenta anos, algunha corrente oculta, subterránea e solidaria, estabamos a contribuír a aflorar. En 1968 teríamos a resposta.

Como queira que as sesións matutinas dos domingos eran disuasorias para os non estudantes, decidiuse trasladalas, en día de semana, ás once da noite. Gañamos en pluralidade e ao mesmo tempo provocamos unha certa revolución nos hábitos estudantis. A presión exercida en colexios maiores e residencias, tanto masculinos como femininos -en grande parte de titularidade relixiosa-, logrou a autorización de saída nocturna e regreso ao finalizar as sesións. Con coloquio incluído, nunca antes da unha da madrugada. O Cine-Club contribuíu así ao «fortalecemento» de inculcables relacións amorosas. Moitas veces penso que, aínda que só fóra por isto, o noso traballo mereceu a pena. (...)

E tamén estaba servido o agravamento da vixilancia policial e da intransixencia burocrática dos patibularios funcionarios de Información e Turismo (eufemismo que ocultaba o escuro rostro da represión conducida polo de Vilalba). Algúns membros da directiva fomos «convidados» a pasar polas dependencias policiais e/ou da Garda Civil para ser interrogados por asuntos que aparentemente nada tiñan que ver co funcionamento do Cine-Club (sospeitas de manipulación de propaganda antifranquista, contactos con «elementos» considerados como perturbadores da paz que gozabamos, integrantes de células comunistas e nacionalistas, etc.). Desestabilizarnos era un dos seus labores.

O 3 de febreiro de 1967 proxectouse o filme de Richard Lester sobre Os Beatles, *A Hard Day's Night*. Presentaba a sesión Gonzalo Anaya. Ese día pola tarde a policía detivera

a Mauro Fernández en Valencia, onde fora, como delegado da Facultade de Filosofía, para participar nunha reunión preparatoria do Congreso Democrático dos Estudantes de España (CDEE). Reunida de urxencia a directiva do Cine-Club, acórdase que o subdirector do mesmo, Luis Mariño, inmediatamente antes da proxección, lea un comunicado en protesta por aquela detención e en solidariedade co detido, socio do Cine-Club. A conmoción na sala foi total. Fortes aplausos, algúns berros de protesta. A cordura impúxose e deu comezo a proxección. Case mil persoas nunha sala de cinema eran presa fácil para unha trampa. Ao día seguinte celebráronse asembleas nalgúns facultades e convocouse unha folga xeral. Inexplicablemente, o Cine-Club non sufriu nin unha rabuñada visible e inmediata por aquel incidente. Verdadeiramente, que noite a daquel día!

A actividade cineclubística en España alertou as casas distribuidoras e de forma continuada fóronnos subindo os alugueiros até límites abusivos. Tampouco recibimos nunca ningún agasalho das empresas propietarias dos cinemas onde se realizaban as sesións. Parecía coma se o noso éxito fose o seu e tivéssemos a obriga de repartir beneficios con todos eles. Por certo, que beneficios? Os abonados mantiveron o seu prezo e, a pesar do incremento de socios, a suba dos diferentes alugueiros e os custos xerais só nos permitían equilibrar ingresos e gastos. Os programas de man foron redeseñados, aumentando o seu formato e número de páxinas, mellorando ademais o seu contido e incluíndo ilustracións e fotografías. Tamén puidemos lograr que algúns prestixiosos realizadores se desprazasen a Santiago: Juan Antonio Bardem trouxo *Nunca pasa nada* (1963); Gonzalo Suárez dedicounos a estrea mundial do seu debut con *Ditirambo* (1967); Basilio Martín Patino falounos dos seus comezos como director proxectando os seus curtos *Torerillos*, *Tarde de domingo* e *El noveno*, á vez que presentaba, en sesión comercial, *Nove cartas a Berta* (1965); Claudio Guerin Hill visitounos a véspera do seu mortal accidente en Noia, cando rodaba *La campana del infierno*. Estes foron os nosos luxos.

A Federación Nacional de Cine-Clubs constituíuse legalmente como importadora e, a prezos alcanzables, ofrecíanos o mellor cinema que se estaba facendo nos países do Leste europeo (Hungria, Checoslovaquia e Polonia, preferentemente). (...) A pesar de celebrar as sesións normais no Cinema Metropol (Empresa Fraga, sen relación coñecida co ministro), recuperamos a colaboración cos propietarios do Cinema Capitol (Víctor González e os seus fillos) e renováronse as Semanas Internacionais. Recordo con especial intensidade as proxeccións e coloquios adicados a *Il Vangelo secondo Matteo* (Pasolini, 1964), *Shichinin no Samurai* (Kurosawa, 1954), *America, America* (Kazan, 1963), *Pierrot le fou* (Godard, 1964), *La caza* (Saura, 1965) ou *Divorzio all'italiana* (Germi, 1962). Nalgún caso, pola repercusión obtida, foi necesario prorrogar os días previstos de exhibición, aínda que a única beneficiaria fose a empresa do cinema. As presentacións a cargo de directivos do Cine-Club e noso referendo publicitario foron proporcionados *gratis et amore*. Xenio e figura da época. (...)

A partir do curso 1967-1968 abandonei a dirección do Cinema-Club, aínda que seguí prestando unha esporádica colaboración. A finalización dos estudos trouxo consigo a obriga de aclarar laboralmente o porvir. Dous reveses da fortuna (é un eufemismo) conducíronme a idear unha forma imprevista de gañarme a vida. Cun compañeiro de estudos, Modesto Alonso Estravís, organizei unha distribuidora de libros para Galicia, que en pouco tempo me deu a oportunidade profesional de trasladarme a Madrid.

Luis Mariño tomou as rendas do Cine-Club da AFC até 1968, ano en que, durante un estado de excepción característico daqueles tempos, foi detido, encarcerado na Coruña e posteriormente confinado fóra de Santiago. Comezaban peores tempos para a institución. Con el colaborou de forma destacada Alfonso Rey, hoxe recoñecido catedrático de Literatura Española na Universidade compostelá. Durante a súa dirección, o Cine-Club seguiu ofrecendo unha programación de altísima calidade: *Ensayo de un crimen* (Buñuel, 1955), *Dr.*

